

CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 20097-240

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A REDACCIÓN DO PCAP PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO PECHE NOS INSTITUTOS IES SANTA IRENE E IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO

I.- ANTECEDENTES:

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de 27 de decembro de 2017 recolle dentro da partida orzamentaria 9330.632.0000 os "investimentos de mellora no patrimonio municipal".

2. Atendendo á comunicación dos directores dos institutos de ensino secundario Santa Irene e San Tomé de Freixeiro nas que se manifestaba que os peches das parcelas dos institutos que son de titularidade municipal se atopaban moi deteriorados e a correspondente inspección municipal na que se constata o deterioro dos mesmos, dende esta Administración se inician os trámites para corrixir esta situación.

3.- O Concelleiro-Delegado da Área de Patrimonio, por delegación da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015 e 10.05.2018, mediante Resolución de data 11.05.2018 resolveu aprobar o proxecto de "RENOVACIÓN DE PECHE NOS INSTITUTOS IES SANTA IRENE E IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO", redactado polos Enxeñeiros Municipais, Dna. Cristina Tapias Bouso (Enxeñeira Industrial) e D. Jerónimo Centrón Castañaos (Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos), cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E OITO MIL TRESCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON VINTE CINCO CÉNTIMOS (58.347,25 €) (Expte.: 20077/240).

II.- ESIXENCIAS DE MOTIVACIÓN DETERMINADAS POLA LEXISLACIÓN DE CONTRATOS:

Proxecto obra a incluír no expediente:

"PROXECTO DE RENOVACIÓN DE PECHE NOS INSTITUTOS IES SANTA IRENE E IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO", redactado polos Enxeñeiros Municipais, Dna. Cristina Tapias Bouso (Enxeñeira Industrial) e D. Jerónimo Centrón Castañaos (Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos), asinado con data 19/20.03.2018 cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E OITO MIL TRESCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON VINTE CINCO CÉNTIMOS (58.347,25 €), expte. 20077/240, aprobado polo Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio mediante Resolución de data 11.05.2018.

Área de Fomento



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/08/2018 09:05

Páxina 1 de 10

Expediente 20097/240

CSV: 23E55E-B3E25D-A8B824-7F9N9D-GH461R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expediente: 20097-240

Para a execución destas obras, e de acordo co informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación das mesmas, asinado polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario e a Xefa de Area de Xestión Patrimonial e Territorial con data 24.05.2018, procede de acordo coa orde de inicio do Concelleiro delegado da Area de Xestión Patrimonial e Territorial de data 25.05.2018, en virtude do Decreto de Delegación de data 19.06.2015 e 21.04.2017 dar inicio do correspondente expediente de contratación, polo cal a xuízo dos técnicos que subscriben o presente informe, considerase adecuado proceder a desenvolver os seguintes apartados para a definición de dito expediente:

1.- Obxecto do Contrato:

O obxecto do contrato é a execución das obras do “PROXECTO DE RENOVACIÓN DE PECHE NOS INSTITUTOS IES SANTA IRENE E IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO”, redactado polos Enxeñeiros Municipais, Dña. Cristina Tapias Bouso (Enxeñeira Industrial) e D. Jerónimo Centrón Castañaos (Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos), cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCUENTA E OITO MIL TRESCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON VINTE CINCO CÉNTIMOS (58.347,25 €), aprobado polo Concelleiro Delegado da Área de Patrimonio mediante Resolución de data 11.05.2018


A actuación desenrólase nunha parcela de titularidade pública municipal clasificada segundo o planeamento vixente (Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1993) como suelo urbano consolidado e cualificado coa Ordenanza 3.2 e 3.3 destinado a “zonas culturais e sociais e zonas deportivas” e correspóndese co exterior dos institutos de ensino secundario Santa Irene e San Tomé de Freixeiro, que se localizan na zona das Travesas do Concello de Vigo. Segundo o Proxecto, a actuación comprende as seguintes obras a executar:

- Substitución do peche metálico sobre murete existente en todo o perímetro da parcela.
- Estrutura de aceiro galvanizado por inmersión en quente.
- Substitución de portas peonais en aceiro galvanizado por inmersión en quente.
- Substitución de portas de paso de vehículos de dous follas, en aceiro galvanizado por inmersión en quente.

Área de Fomento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2018 09:05	Páxina 2 de 10
Expediente 20097/240	CSV: 23E55E-B3E25D-A8B824-7F9N9D-GH461R-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 20097-240

- Substitución de porta corredeira de paso de vehículos, en aceiro galvanizado por inmersión en quente.
- Xestión de residuos e seguridade e saúde.
- Contémplase igualmente unha partida alzada para reposición de imprevistos.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de UN (1)mes.

O contrato, polo seu obxecto, califícase como contrato de obras, segundo o previsto no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo, LCSP).

Polo que respecta a súa división en lotes, non se considera axeitada debido a que, desde o punto de vista técnico, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría enormemente a correcta execución do mesmo. Así mesmo entorpeceríase a súa adecuada execución por ser necesaria a coordinación das diferentes prestacións que abarca o obxecto do contrato.

2.- Procedemento de adjudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta que se cumpren as condicións establecidas no artigo 159.6 da LCSP que regula o procedemento aberto simplificado de tramitación reducida, xa que o valor estimado do contrato é inferior a 80.000 € e que non se recollen criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, propónse a tramitación do presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto simplificado de tramitación reducida regulado no devandito artigo 159.6 da LCSP.

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación ordinaria do presente expediente de contratación de conformidade co establecido na LCSP.

3.- Prezo do contrato e xustificación:

a) Prezo do contrato:

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está formulado en termos de prezos unitarios e determinado en base ao proxecto de obra aprobado, e resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto

Área de Fomento



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/08/2018 09:05

Páxina 3 de 10

Expediente 20097/240

CSV: 23E55E-B3E25D-A8B824-7F9N9D-GH461R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expediente: 20097-240

do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas no proxecto.

O prezo do contrato é de “CINCuenta E OITO MIL TRESCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON VINTE CINCO CÉNTIMOS (58.347,25 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 10.126,38 €.

b) Orzamento base de licitación:

Correspóndese co límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE, e desagregarase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación (artigo 100 LCSP). No orzamento de execución material do proxecto de obra aprobado están incluídos os custos directos e indirectos.

O orzamento base de licitación, determinado no proxecto de obra aprobado, ascende a un total de CINCuenta E OITO MIL TRESCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON VINTE CINCO CÉNTIMOS (58.347,25 €)

c) Valor estimado do contrato e método de cálculo:

Tal e como establece o artigo 101 LCSP, o valor estimado do contrato está calculado en base os custos derivados da execución material do proxecto de obra aprobado, os gastos xerais de estrutura, incluíndo os costes laborais necesarios e o beneficio industrial, tendo en conta as modificacións á alza previstas.

En base ao anterior, o valor estimado do contrato estipúlase en **57.865,04 €**

	IMPORTE
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	40.521,74 €
GASTOS XERAIS (13%)	5.267,83 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	2.431,30 €
MODIFICACIÓNS Á ALZA PREVISTAS (20%)	9.644,17 €
VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	57.865,04 €

Área de Fomento



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/08/2018 09:05

Páxina 4 de 10

Expediente 20097/240

CSV: 23E55E-B3E25D-A8B824-7F9N9D-GH461R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 20097-240

4.- Revisión de Prezos

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración que non supera unha anualidade, non procede a revisión de prezos, tendo en conta que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto e dentro da mesma anualidade.

5.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9330.632.0000 “investimentos de mellora no patrimonio municipal”.

O gasto proposto cumpre co principio de sustentabilidade financeira, segundo o recollido no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. A proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento aprobado inicialmente polo Pleno para o ano 2018.

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras cabe indicar que o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello.

6.- Prazo de execución e prórroga

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 1 mes.


A previsión do prazo de inicio das actuacións establececese no 1 de xullo 2018.

7.- Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

A tenor do establecido no artigo 28 da LCSP, en relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación que se derive

Área de Fomento

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2018 09:05	Páxina 5 de 10
	Expediente 20097/240	CSV: 23E55E-B3E25D-A8B824-7F9N9D-GH461R-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Expediente: 20097-240

deste expediente, así como os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, os mesmos atópanse xustificadas no informe de necesidade e idoneidade da contratación das obras, asinado polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario e a Xefa de Área de xestión patrimonial e territorial con data 24.05.2018

Así mesmo, dita actuación resulta necesaria para o exercicio das competencias propias previstas nos artigos 25.2.n) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime Local (en adiante LRRL) e 80.2.ñ) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, en relación a debida colaboración e cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos.

Os institutos de ensino secundario Santa Irene e San Tomé de Freixeiro son bens de dominio público municipal. O artigo 6 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) de carácter básico, obriga a axustar a xestión e administración dos bens de dominio público á adecuación e suficiencia para servir ao uso xeral ou servizo público ao que están destinados (artigo 6.b. LPAP), así como ao exercicio dilixente das prerrogativas que a presente lei ou outras leis especiais outorguen ás Administracións públicas, garantindo a súa conservación e integridade (artigo 6.e. LPAP) o que determina o deber da Administración municipal de manter os mesmos en condicións adecuadas.

8.- Solvencia

De conformidade co artigo 159.6 da LCSP non é preciso acreditar solvencia.

9.- Criterios de valoración e xustificación:

En relación aos criterios de adjudicación e de acordo co recollido no artigo 145.6 da LCSP, para a valoración das proposicións deberá atenderse a criterios directamente vinculados co obxecto do contrato.


O criterio de adjudicación proposto no presente caso consiste na redución do prezo do contrato. As ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adjudicataria a que oferte unha maior redución do prezo do contrato.

Xustificación do criterio de valoración

Área de Fomento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2018 09:05	Páxina 6 de 10
Expediente 20097/240	CSV: 23E55E-B3E25D-A8B824-7F9N9D-GH461R-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



Expediente: 20097-240

Xustifícase a elección do referido criterio, de conformidade co establecido no artigo 146.1 da LCSP, que establece que cando só utilícase un criterio de adxudicación, este deberá estar relacionado cos custos, podendo ser o prezo ou un criterio baseado na rendibilidade, motivo polo cal considérase como criterio máis axeitado a consideración do prezo como o único factor determinante da adxudicación, tendo en conta o volume e tipo de obra a realizar.

10.- Criterios para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas.

En relación á determinación dos criterios aplicable para a valoración da existencia de ofertas ou proposicións con valores anormais ou desproporcionados para as ofertas referentes as obras obxecto deste expediente, a tenor do establecido no artigo 149.2.a) da LCSP, aplicaranse os criterios para apreciar as ofertas desproporcionadas ou temerarias establecidos no artigo 85 do RLCAP.

11.- Condicións especiais de execución

Establécense como condicións especiais de execución de carácter medioambiental:

- A redución das emisións de gases de efecto invernadoiro, contribuíndose así a dar cumprimento ao obxectivo que establece o artigo 88 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sustentable.
- O mantemento ou mellora dos valores ambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato; unha xestión máis sustentable da auga.
- O fomento do uso das enerxías renovables.
- A promoción da reciclaxe de produtos e o uso de envases reutilizables.
- O impulso da entrega de produtos a granel e a produción ecolóxica.


O obxecto do contrato (obras de renovación de peche nos institutos IES Santa Irene e IES San Tomé de Freixeiro) supón a realización dunha serie de procesos construtivos tendentes á xeración de riscos de carácter medio ambiental (xeración de residuos, utilización en exceso de auga, etc), o cal fai aconsellable a introdución de criterios medioambientais tendentes á redución e minoración dos posibles prexuízos de carácter medio ambiental.

Estas condicións especiais de execución esíxense neste contrato co obxectivo de profundar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política medioambiental.

Área de Fomento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2018 09:05	Páxina 7 de 10
Expediente 20097/240	CSV: 23E55E-B3E25D-A8B824-7F9N9D-GH461R-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 20097-240

Esta “contratación estratéxica”, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas nunha área esencial, co obxectivo de garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes.

12.- Prazo de garantía:

En relación a determinación do prazo de garantía o proxecto da obra recolle o prazo dun ano establecido legalmente para as obras.

13.- Modificación do contrato:

Tendo en conta as peculiaridades do proxecto de obra, debe considerarse a opción de modificación do contrato en relación os seguintes criterios:

13.1.- Aspectos a modificar:

Os traballos previos e demolicións, peches, seguridade e saúde da obra e xestión e tratamento de residuos da obra.

13.2.- Circunstancias que determinan a modificación:

Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos ou estado das estruturas, distintas das recollidas no proxecto. Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a redes, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto

13.3.- Limites da modificación:

A contía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.

13.4.- Especialidades, no seu caso, do procedemento de contratación:

As reguladas no artigo 159.3 da LCSP en relación co procedemento aberto simplificado de tramitación reducida.

14.- Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas, que exercerá asimesmo a dirección facultativa da obra.

Área de Fomento



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 13/08/2018 09:05

Páxina 8 de 10

Expediente 20097/240

CSV: 23E55E-B3E25D-A8B824-7F9N9D-GH461R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expediente: 20097-240

15.- Referencia ao réxime de pagamento

Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo director facultativo da obra. Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, conforme ao previsto nos artigos 198.2 e 240 da LCSP.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Na factura deberán constar os seguintes extremos:

- Unidade tramitadora: GE0000719 Patrimonio
- Oficina contable: GE0000575 Servizos Económicos/ Intervención
- Órgano xestor: L01360577 Concello de Vigo

16.-Seguro

O Adjudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que de cobertura as actuacións propias do adjudicatario na execución das obras obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 50.000 €.

17.- Prescricións técnicas particulares:


Para o proxecto de contratación das obras contempladas neste expediente de contratación, achégase a este informe o prego de prescricións técnicas incluído no proxecto e redactado polos Enxeñeiros Municipais, Dna. Cristina Tapias Bouso (Enxeñeira Industrial) e D. Jerónimo Centrón Castaños (Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos).

18.- Subcontratación

Non se establecen tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación.

Área de Fomento

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/08/2018 09:05	Páxina 9 de 10
	Expediente 20097/240	CSV: 23E55E-B3E25D-A8B824-7F9N9D-GH461R-H1	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		



CONCELLERÍA
DE
PATRIMONIO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 20097-240

En consecuencia os antecedentes descritos, propónse o Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal e Patrimonio remitir a presente memoria para a contratación das obras do **PROXECTO DE RENOVACIÓN DE PECHE NOS INSTITUTOS IES SANTA IRENE E IES SAN TOMÉ DE FREIXEIRO** ao Servizo de Contratación, para a redacción do correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

IGM/

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Enxeñeiro/ Xefe do Servizo de Vías e Obras.- D. Jerónimo Centrón Castañaos

O Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario.- Óscar Couce Senra

A Xefa da Área de Patrimonial e Territorial.- Marta Riobó Ibáñez

Conforme - O Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal e Patrimonio.- F. Javier Pardo Espiñeira

Área de Fomento



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/08/2018 09:05

Páxina 10 de 10

Expediente 20097/240

CSV: 23E55E-B3E25D-A8B824-7F9N9D-GH461R-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>